

1. POLÍTICA DE VIXILANCIA, PREVENCIÓN E CONTROL DA INFECCIÓN RELACIONADA COA ASISTENCIA SANITARIA DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE A CORUÑA.

A Dirección da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña, reconece a importancia da vixilancia, prevención, control e tratamento das infeccións relacionadas cos coidados sanitarios (IRAS), e co fin de comunicar o seu compromiso e proporcionar o marco de referencia para o desenvolvemento dun sistema de Xestión establece que:

- Sendo a calidade e seguridade dos pacientes un enfoque estratéxico na súa xestión, para a vixilancia, prevención e control das IRAS asegurárase a existencia de procesos de identificación, análise, avaliación e tratamento das causas, coñecidas e potenciais, dos riscos de infección dentro da organización.
- Definirá e adecuará un Sistema de vixilancia, prevención e control da infección integral e coordinado entre distintos estamentos, servizos, e aliñado coas liñas estratéxicas de calidade e seguridade do Servizo Galego de Saúde.
- Introduciranse melloras que permitan unhas prácticas seguras, tanto para os pacientes coma para os profesionais, enfocadas aos procesos de identificación, análise, avaliación e tratamento das causas, coñecidas e potenciais, dos riscos de infección dentro da Xerencia de Xestión Integrada.
- Garantirá o cumprimento dos requisitos da Norma UNE-179006:2013, así como os requisitos legais e regulacións aplicables en materia de control da infección en centros sanitarios e colaborará coas autoridades sanitarias na vixilancia epidemiolóxica.
- Facilitará as ferramentas e recursos que sexan custo/efectivos para a implantación do sistemas de vixilancia e control da infección, baseados en normas e estándares recoñecidos, fomentando o uso das novas tecnoloxías.
- Establecerá obxectivos medibles para o sistema de vixilancia, prevención e control das infeccións, que serán revisados periodicamente e garantida a súa continuidade e a súa idoneidade en función dos riscos detectados e da política da organización.
- Revisará anualmente o plan de acción para a vixilancia, prevención e control das IRAS.
- Facilitará a comunicación e formación aos niveis apropiados da organización no sistema de vixilancia e control da infección, ao fin de que os usuarios e profesionais desta xerencia coñezan, cumpran e manteñan o sistema de vixilancia, prevención e control das IRAS da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña.

Aprobado en Comisión de Dirección

A Coruña, 23 de novembro de 2015.